

PRESENTACIÓN

ANTÍA SÁNDEZ CALLEJO
Presidenta
Consello Galego de Relación Laborais
presidencia.cgrel@xunta.es

Comprácame presentar este número especial da Revista Galega de Dereito Social, dedicado á "Materia Retributiva: Cuestións de Actualidade", resultado da Xornada Técnica celebrada o 26 de abril de 2024 na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela. A Xornada Técnica, organizada polo Consello Galego de Relacións Laborais e a Sección Galega da Asociación Española de Dereito do Traballo e da Seguridade Social (AEDTSS), reuniu a destacados académicos e profesionais para abordar os desafíos e avances máis relevantes na cuestión salarial. O salario é un compoñente esencial das relacións laborais, con moi fondas implicacións xurídicas e sociais. En efecto, o ordenamento debe propiciar remuneracións equilibradas en orde a garantir que todas as persoas traballadoras reciban unha compensación xusta e suficiente para cubrir as súas necesidades básicas e as das súas familias. Neste sentido, o establecemento dun Salario Mínimo Interprofesional (SMI) axustado periodicamente en

función da inflación e o custo de vida é unha ferramenta eficaz. Con todo, o SMI debe ser complementado con políticas sociais que apoien ás persoas traballadoras en situacións de vulnerabilidade e con medidas que incentiven a formación e o desenvolvemento profesional para mellorar a empregabilidade e os ingresos a longo prazo.

Doutra banda, é fundamental que calquera normativa teña en conta a realidade económica e a capacidade das empresas para asumir incrementos salariais. As pequenas e medianas empresas, que constitúen a columna vertebral da economía (moi particularmente en Galicia), a miúdo enfrontan maiores dificultades para absorber aumentos retributivos. Por iso, é necesario deseñar marcos xurídicos e políticas cunhas doses de flexibilidade suficiente para permitir ás empresas adaptarse a estes cambios sen comprometer a súa viabilidade.

Ademais, a igualdade de xénero é unha cuestión crucial á abordar pola normativa salarial. A pesar dos evidentes avances nas últimas décadas, a brecha salarial de xénero persiste, reflectindo desigualdades estruturais no mercado laboral. As mulleres a miúdo gañan menos que os homes por traballos de igual valor, o que impacta negativamente non só na súa calidade de vida, senón tamén na economía no seu conxunto. É imperativo continuar avanzando na aprobación de disposicións claras para lograr a total igualdade salarial entre mulleres e homes, en concordancia con políticas que apoien a conciliación laboral e familiar, permitindo a todas as persoas traballadoras participar plenamente no mercado laboral sen sacrificar a súa vida persoal.

Neste número especial da Revista, recompilamos unha serie de artigos que reflicten as discusións e presentacións realizadas durante a Xornada Técnica, co obxectivo de proporcionar unha análise exhaustiva e actualizada dos temas máis críticos nese eido.

O Salario Mínimo Interprofesional no Contexto da Carta Social Europea

O primeiro artigo, a cargo do Profesor Dr. Xosé Manuel Carril Vázquez, explora a evolución do SMI no noso país, analizando o seu impacto e as implicacións derivadas dos compromisos adquiridos no marco da Carta Social Europea.

A Brecha Salarial de Xénero

A Profesora Dra. Consuelo Ferreiro Regueiro ofrécenos un estudo detallado sobre a brecha salarial de xénero, destacando as causas estruturais e as medidas necesarias para lograr unha verdadeira igualdade retributiva.

Salario e Negociación Colectiva

No seu artigo, o Profesor Dr. Jaime Cabeza Pereiro aborda a relación entre salario e negociación colectiva, subliñando a importancia dos convenios colectivos na configuración dunhas condicións salariais dignas e equilibradas.

- - -

Así pois, este número especial da Revista non só recompila o coñecemento e a experiencia compartida durante a Xornada Técnica, senón que tamén pretende ser unha ferramenta útil para académicos, profesionais e lexisladores interesados nas conexións entre o dereito laboral e as políticas retributivas.

Dende o Consello Galego de Relacións Laborais e a Revista Galega de Dereito Social agradecemos á Sección Galega da AEDTSS a súa interesante iniciativa, a todas as persoas autoras as súas valiosas contribucións e ao comité organizador da Xornada Técnica o seu esforzo e dedicación.

Agardamos que este compendio sexa de grande utilidade e sirva como base para futuras investigacións e debates no campo do dereito social. Asemade, confiamos en que os lectores atopen nestas páxinas un recurso valioso para profundar no coñecemento e a reflexión sobre as cuestións salariais que tanto afectan ás persoas traballadoras e ás empresas. Só a través dun enfoque equilibrado e integral, que combine xustiza social con sustentabilidade económica, poderemos avanzar cara a un futuro no que todos as persoas traballadoras teñan acceso a un salario digno e as empresas poidan prosperar nunha contorna competitiva e xusta.